

REUNIÓN CO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E O SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA **STEG cualifica a reunión de hoxe de impermeábel a cambios substanciais nas bases e por ende no futuro Decreto.**

A reunión demostra que a Consellaría está presa das promesas electorais de grupos minoritarios e pouco sensíbeis ao idioma galego

Durante unha hora e cuarto o STEG expuxo as propostas sobre as que se deberan basear calquera regulamentación de normalización da lingua galega.

Introducimos o debate coas seguinte ideas:

Inquedanza pola irresponsabilidade que supón ter aberto unha confrontación artificial ao redor das linguas baseado en dúas premisas falsas:

- a. O perigo da desaparición do español.
- b. A imposición do galego.

Para o STEG a realidade demostra todo o contrario.

2. Preocupación polo retroceso que este debate está a facer á normalización do idioma ao mesmo tempo que manifestamos as dúbidas sobre a súa legalidade

3. Agradecendo a convocatoria para escoitar as achegas, botamos en falla que non se reciba a MRPs que teñen traballado, mesmo con estudos serios sobre a lingua, moito sobre este tema.

4. Preocupa que antes da reunión se fagan declaracións de principios inamovíbeis pois non favorece o verdadeiro consenso.

5. O STEG entende que neste debate e nas bases presentadas non se ten en conta ao alumnado e, o máis que previsíbel, aumento do fracaso escolar.

Despois da exposición argumentada das nosas demandas (que se trate dun decreto de promoción do galego, que en aras do consenso se tome como punto de partida o último consensuado, e dicir, o plan de normalización lingüística do 2004, que se teña en conta o último estudo sociolingüístico da RAG segundo o cal é preciso aumentar a presenza do galego no ensino, a nosa total oposición a que sexan as familias as que decidan cuestións curriculares, que a aposta polo inglés nas actuais condicións só nos pode levar ao aumento do fracaso escolar, que se recupere o nome e as funcións dos equipos de normalización lingüística, que o alumnado teña que empregar a lingua de referencia da materia, que a lingua a empregar

pola administración educativa sexa o galego,...). Desde a Consellaría retrucan cos mesmos argumentos máis que coñecidos: o equilibrio de linguas, o plurilingüismo, a importancia da decisión vinculante das familias. En ningún momento se recoñeceron as advertencias do STEG da desprotección do galego, do aumento do fracaso escolar, da conflitividade nos centros..., si se recoñece a imposibilidade actual do 33% da impartición da lingua estranxeira.

Ao constatar que o decreto que pretende impoñerse non está baseado en estudos sociolingüísticos sobre o galego, confírmase que esta Consellaría vai someter a un experimento ao alumnado galego coa irresponsabilidade de non valorar o que toda a comunidade educativa está a dicir: o máis que seguro aumento do fracaso escolar.

Fixemos un chamamento á responsabilidade institucional e política que se lle presupón a calquera goberno, e pedímoslles unha reflexión profunda ante a evidencia da unilateralidade e soidade na defensa destas bases. Desde o STEG estas bases demostran que están pensadas para contentar á parte mais radical e minoritaria da dereita galega e van deixar en herdanza, a todas as galegas e galegos, un profundo conflito social e educativo que non existía.

Para a Consellaría estas bases son “para o un case millón de persoas das áreas urbanas, que estaban descontentas coa política lingüística”. Isto demostra que non é un Decreto pensado para toda a poboación galega.

De ir adiante un Decreto con estes presupostos o STEG continuará mobilizándose non quedando outra opción que elevar o noso estudio xurídico a denuncia xudicial e mesmo a posibilidade de facer un chamamento á desobediencia civil xa que a defensa do galego será unha cuestión de conciencia por desidia das obrigas da administración.

Facemos un chamamento á sociedade galega para se sumen á folga e as mobilizacións convocadas para o día 21: profesorado, alumnado, nais e pais e en xeral a toda a sociedade en defensa do galego e en favor dun ensino de calidade e culto.

Secretariado Nacional do STEG
xaneiro 2010